



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E O CONCELLO DE ALLARIZ PARA A REALIZACIÓN DUNHA ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA NO CASTRO DA CIBDÁ DE ARMEA EN ALLARIZ (OURENSE). CAMPAÑA 2024.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural pretende formalizar co Concello de Allariz, o instrumento convenial arriba referido por un período de vixencia que abranguerá dende a súa sinatura ata o 30 de novembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e o Concello de Allariz, para a realización dunha actuación arqueolóxica para a recuperación patrimonial no Castro da Cibdá de Armea (Allariz – Ourense). Campaña 2024.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convenial que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Castro da Cibdá de Armea, sitúase no lugar de Armea, na parroquia de Santa Mariña de Augas Santas, no concello ourensá de Allariz.

Este xacemento foi escavado nos anos 50 do século XX por Conde-Valvís. Desde o ano 2011, o concello de Allariz promove diferentes actuacións de recuperación dos sectores escavados anteriormente, e novas intervencións de escavación e consolidación arqueolóxica, así como de mellora de accesibilidade e sinalización, sobre todo na parcela de titularidade municipal denominada Atalaia.





A nivel de protección, este xacemento arqueolóxico ten a consideración de ben de interese cultural, en base ao Decreto 1281/1963, do 16 de maio (BOE núm. 131, do 01.06.1963) polo que se declarou conxunto monumento histórico-artístico á basílica da Asunción, coñecida coma “Forno da Santa” e ao Castro de Armea.

Tendo en conta os valores históricos e patrimoniais que aglutina o Castro da Cibdá de Armea anteriormente referidos, o Concello de Allariz e a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia consideran de interese continuar neste ano 2024 cos traballos arqueolóxicos no referido xacemento coa finalidade de favorecer a súa investigación, conservación e posta en valor.

Por tanto, a través deste convenio de colaboración preténdese realizar os traballos necesarios para continuar coa investigación, conservación e posta en valor do Castro da Cibdá de Armea (Allariz, Ourense).

Ademais da propia intervención arqueolóxica, tense previsto levar a cabo diferentes accións de divulgación dos traballos arqueolóxicos realizados nas que se fará constar a colaboración e financiamento da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

